



Terceiro exame: coñecemento de galego

Instrucións

- O exame ten 5 preguntas.
Debes marcar as respostas na folla de respostas.
Tamén tes que contestar a pregunta de reserva.

- Tes **media hora** para facer o exame.

- Todas as preguntas teñen 4 respostas.
Só 1 resposta é correcta.
As preguntas que respondas ben suman 1 punto.
As preguntas que deixes en branco non puntúan.
As preguntas que respondas mal non puntúan.

- Cando termines o exame,
entrega o cuestionario e a folla de respostas.
Debes entregar o cuestionario e a folla de respostas
á persoa da organización que está na porta pola que entraches.
A persoa da organización entregaráche
a copia da folla de respostas de cor azul.

- Podes descargar o cuestionario de preguntas
na páxina web www.sergas.es

Le con atención as normas para cubrir as respostas do exame.

1. Na cociña do Hospital de Lugo están preparando para a cea desta noite unha crema de legumes. Cal dos seguintes alimentos é un legume?

- A) O linguado.
- B) O leite.
- C) A lentella.
- D) O mexillón.

2. Xurxo levou un golpe nas costas ao caer ao chan. Que palabra significa o mesmo que a palabra "costas"?

- A) Fronte.
- B) Meixela.
- C) Espalda.
- D) Ombro.

3. Como se chama a comida do mediodía?

- A) Almorzo.
- B) Xantar.
- C) Cea.
- D) Xanta.

4. A diabetes é unha enfermidade que sofren moitas persoas. As persoas que teñen esta enfermidade non deben consumir doces. Que alimento non poden tomar as persoas que teñen diabetes?

- A) Sal.
- B) Azucre.
- C) Verduras.
- D) Leite.

5. A Pedro gústalle preparar a cea coa súa nai. Para preparar os alimentos utilizan tarteiras e tixolas. Que outro utensilio de cociña poden usar Pedro e a súa nai?

- A) Culleres.
- B) Vasoiras.
- C) Gravatas.
- D) Saias.

Preguntas de reserva

1. Indique cal dos seguintes utensilios de cociña se usa para bater e mesturar os alimentos:

- A) Un batedor.
- B) Un relador.
- C) Un muíño.
- D) Un espremedor.